

Primeiros pasos en eTwinning




Suxerímosche o seguinte itinerario:

- 1) Visita os portais públicos eTwinning, navega polas súas seccións e toma nota do que máis che interese.

Portal europeo eTwinning / *European School Education Platform*.

<https://school-education.ec.europa.eu/en/etwinning>





Portal nacional de España: www.etwinning.es

2) Explora o apartado PROXECTOS, hai exemplos de boas prácticas, proxectos con selo de calidade e proxectos premiados. Estes poden ser un modelo, unha inspiración para un futuro proxecto.

3) Rexístrate na plataforma eTwinning.

O primeiro paso é crear unha conta EU Login. Desde o portal europeo.
<https://school-education.ec.europa.eu/en>



EU Login
One account, many EU services

English (en)

Create an account Login

Create an account

[Help for external users](#)

First name

Last name

E-mail

Confirm e-mail

E-mail language
English (en)

☐ By checking this box, you acknowledge that you have read and understood the [privacy statement](#)

Create an account Cancel

Tras confirmar a túa conta, a través do email de confirmación, xa podes acceder á *European School Education Platform*.

4) Desde aquí, é necesario completar con máis datos o teu perfil profesional, o centro onde traballas e os teus intereses e acceder á área de eTwinning. Os detalles sobre o resto deste proceso telos no seguinte tutorial: [Como facer rexistro-inscripción eTwinning](#).

5) Completado o rexistro anterior, poderás comezar a buscar na plataforma docentes europeos que teñan intereses afíns ás túas ideas de traballo. Ponte en contacto con eles e se consideras algún como un bo candidato para ser o teu socio, invítalo a ser contacto.

Todo isto veralo con máis detalle nos seguintes tutoriais.

6) Tamén podes informarte sobre:

Actividades de Formación:

- Participa nalgunha das oportunidades de formación que ofrece o Servizo Nacional de Apoio eTwinning (SNA) en España durante o curso escolar: <http://etwinning.es/formacion/?lang=es>
- A plataforma europea tamén ofrece cursos de desenvolvemento profesional: <https://school-education.ec.europa.eu/en/professional-development>
- Participa en eventos de formación eTwinning organizados pola túa Comunidade Autónoma. Pica aquí para contactar co representante eTwinning da túa Comunidade: <http://etwinning.es/inicio/representantes-etwinning-nas-comunidades-autonomas/?lang=es>
- Participa na convocatoria anual de eventos de formación eTwinning que lanza o SNA. <http://etwinning.es/es/convocatoria-de-eventos-de-formacion-etwinning-2023/>
- Participa en actividades de formación e desenvolvemento profesional que ofrece eTwinning: *short online courses, long online courses e webinars.*

7) Outras accións:

- Consulta os distintos materiais e artigos á túa disposición no portal do SNA eTwinning: <http://etwinning.es/>
- Consulta os distintos materiais á túa disposición para principiantes no Portal europeo. <https://school-education.ec.europa.eu/en/insights>

- Contacta cun embaixador eTwinning da túa Comunidade Autónoma desde o apartado de Redes Profesionais (*Networking*). Posteriormente fai clic en *People* e utiliza os filtros pertinentes, tal e como se amosa na seguinte imaxe:

The screenshot shows the 'Networking' section of the eTwinning platform, specifically the 'People' tab. The interface includes a search bar and several filter categories: Member type, Vocational subject, Region, Subject, Country, and Language. The 'Ambassadors' checkbox under the 'Any registered user' section is highlighted with a red circle. Other filters like 'Andalucía' and 'Spain' are also visible.

- Únete a un Grupo eTwinning cuxos membros teñan intereses afíns ós teus.

Todas as dúbidas e incidencias que che xundan na túa traxectoria eTwinning, podes envialas ó enderezo de correo asistencia.etwinning@educacion.gob.es